



A loita contra as mareas negras

9

O medio máis importante e o máis eficaz na loita contra as mareas negras é a prevención para evitar que sucedan accidentes ou verquidos involuntarios. Para iso débense extremar as medidas de seguridade nos barcos (dobre casco, revisións periódicas..), habilitar corredores seguros nas zonas de circulación intensa de buques e contar con portos de refuxio para casos de temporal ou accidente.

Unha vez que o accidente tivo lugar os medios e materiais de loita contra a marea negra son moi diversos.

A inventiva das persoas que participan na loita contra a marea negra fai xurdir os instrumentos e medios máis curiosos nos que se empregan todo tipo de materiais.



Imaxes de distintos medios de loita contra as mareas negras recollidas dos xornais.




España, un dos países con máis costas de Europa, non dispón de medios especializados de prevención, contención e loita contra as mareas negras.



Un 40% dos petroleiros inspeccionados en portos da UE presentan algunha deficiencia.

Os petroleiros de dobre casco teñen a base e os lados dos tanques de carga separados do fondo e dos costados por un espazo de 1 a 3 m que permanece baleiro cando o buque leva carga. No suposto de que a chapa externa resulte danada o contido dos tanques permanece illado co que se evita o verido ao mar.

No mundo hai rexistrados 7.030 petroleiros cunha idade media de 18 anos. Un 40% do total teñen máis de 20 anos. So o 21% están dotados de dobre casco.



MEDIDAS PARA PREVIR AS MAREAS NEGRAS EN GALICIA

- Declaración das costas galegas como Zona Marítima especialmente sensible.
- Afastamento do corredor marítimo de Fisterra ata as 50 millas (90 km).
- Creación dun Centro de Seguridade Marítima en Galicia.
- Creación dun porto de refuxio.
- Dotación de medios técnicos: remolcadores de gran potencia, buques anticontaminación, barreiras.
- Elaboración de Plans de Emerxencia eficaces e de resposta inmediata para a costa galega.
- Medidas lexislativas para evitar que os buques sen dobre casco poidan atracar nos portos da Comunidade Europea ou navegar polo corredor marítimo de Fisterra.
- Regulación internacional das bandeiras de conveniencia, da seguridade dos buques e da formación e condicións de traballo das tripulacións.
- Maior control do tráfico marítimo de mercadorías perigosas
- Reducir a excesiva dependencia do petróleo con políticas enerxéticas encamiñadas a potenciar outras enerxías máis limpas e renovables.



Adela Leiro
Mon Daporta

